

# + AVEN TURA

## CAMPAMENTOS MOCIDADE

Aberta a  
preinscrición  
do **22 ao 24**  
de maio

Idade:  
12 a 17  
anos

Máis información  
en [coruna.gal](http://coruna.gal)



# CAMPAMENTOS MUNICIPAIS

## INFORMACIÓN CAMPAMENTOS MOCIDADE 2023

### PERSOAS DESTINATARIAS

Mozas e mozos de 12 a 17 anos (nados entre 2006 e 2011), organizados en grupos de idade.

\*Poderán participar mozas e mozos con con diversidade funcional. No caso de obter praza no sorteo, as persoas organizadoras do campamento contactarán coas familias para valorar as adaptacións necesarias no cada caso particular.

### CALENDARIO

**Preinscrición:** 22, 23 e 24 de maio.

\*Online a través da web [www.coruna.gal/campamentos2023](http://www.coruna.gal/campamentos2023)

\*\*Asignarase un número a cada solicitude de praza atendendo á orde de entrada dos formularios de solicitudes.

**Publicación de listaxes de menores preinscritas/os:** 29 de maio.

**Reclamacións:** 30 e 31 de maio.

**Sorteo das prazas:** 1 de xuño.

**Publicación de listaxes de admitidas/os:** 6 de

xuño na web [www.coruna.gal/campamentos2023](http://www.coruna.gal/campamentos2023)

\*Só será adxudicado un turno de campamento por persoa

\*\*Habilitarase unha listaxe de agarda en cada un dos turnos para cubrir aquelas prazas que non teñan a inscrición formalizada ou renunciaren á mesma.

**Inscrición:** 7, 8 e 9 de xuño.

\***Confirmación de praza:** as persoas admitidas deberán confirmar a aceptación da praza enviando un correo electrónico ao enderezo [xuventude@coruna.es](mailto:xuventude@coruna.es)

\*\*No caso de non recibilo no prazo establecido, a partir do 13 de xuño a praza será adxudicada a seguinte persoa da listaxe de agarda.

\*\*É preciso un mín. de 30 participantes por quenda. No caso contrario, o Concello reservase a opción de anular a oferta do turno que non acade o mínimo.

### QUENDAS

**1ª Quenda:** do 3 ao 14 de xullo.

**2ª Quenda:** do 17 ao 28 de xullo.

### HORARIO

De luns a venres de 09.00 a 14.00 horas.

\*Os días festivos non haberá campamento.

### ESPAZO DE REALIZACIÓN

Polideportivo de Labañou.

\*A actividade combinará unha sede fixa coa saída a espazos urbanos para a realización de actividades ao aire libre.

### TRANSPORTE

Habilitarase un autobús que realizará unha ruta de ida e volta con 6 paradas establecidas pola organización.

### Nº PRAZAS

**100** (50 en cada quenda).

### COTA DE INSCRICIÓN

**Gratuito. Inclúe o transporte.**

\*Ao ser unha actividade de carácter gratuito e con alta demanda, a falta inxustificada suporá a baixa inmediata da persoa participante na actividade.

### TIPOLOXÍA DE ACTIVIDADES

**Multideportivas e no medio acuático:** iniciación ao snorkel, kajak, paddle surf, tiro con arco, propostas de deporte alternativo como kinball, floorball e ultimate, xogos deportivos na praia, deportes de equipo, etc...

**Lúdico recreativas:** Xogos de rastrexo e de pistas, orientación, xeocatching, obradoiros creativos, xogos de cooperación, etc...

**Medioambientais:** Senderismo pola contorna medioambiental, rutas de coñecemento e recollida de algas, elaboración de xogos con material de refugallo, etc...

### ACEPTACIÓN DE CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN, OBRIGACIÓN DE INFORMACIÓN E CONSENTIMENTO INFORMADO

As persoas participantes deben comprometerse co cumprimento dunha serie de requisitos esenciais de carácter sanitario e legal a través dun documento de aceptación de condicións de participación, obrigación de información e consentimento informado. Este documento terá que asinarse e ser entregado antes do inicio do campamento pola nai, pai ou responsable legal do/a menor.

**+ INFORMACIÓN E INSCRICIÓN EN:  
[CORUNA.GAL/CAMPAMENTOS2023](http://CORUNA.GAL/CAMPAMENTOS2023)**